

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 2/ 2022

Solicitante: Jaime Alfaya Solla, como adestrador do Club Balonmán Tui

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado, en data 09/02/2022, no que solicita a revogación da resolución imposta reduciendo la sanción impuesta por el Acta 2122/16 del Comité territorial de competición de 3 de febrero de 2022, punto 3. Mediante a presente, procédese a resolver o recurso de apelación conforme os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 03/02/2022 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2122/16 acorda:

“3. Sancionar ao entrenador JAIME ALFAYA SOLLA del equipo CLUB BALONMÁN TUI, con SUSPENSIÓN DE 2 ENCUENTRO/S OFICIAL/ES, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 34 D RRdG ”

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo entrenador sancionado, mediante recurso presentado en tempo, solicitando a redución da sanción (sobrentendendo que a reconece e asume mínimo 1 partido).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Defecto formal do recurso.

No seu recurso, o clube non alega ninguna norma ou precepto regulamentario que considere infrinxido.

O artigo 112 do RRDg regula o contido obligatorio de un recurso, o que debe facerse constar formalmente para que sexa válido.

Non pode salvarse o escollo de que non menciona ningún precepto infrinxido polo Comité Territorial de competición, artigo 112.C).

Esta infracción podería considerarse de entidade como para resolver o recurso, sen entrar no fondo do asunto ao non ser formalmente válido. Sin embargo, pola propia natureza de este Órgano, e do ámbito deportivo no que desenrola a súa actividade, entendemos procede analizar o fondo do asunto e os feitos de cara a tratar de interpretar qué normas entendería infrinxidas o recorrente, e así facilitar e corrixir calquer defecto de actuación de clubs, federacións ou estamentos dependentes da mesma como os Comités, neste caso e no futuro. Obviando por tanto este Comité, nesta ocasión, os defectos formais do recurso.

Esta parte admite o mesmo, sobreentendendo que pretende a redución da sanción por estar arrependido reconecendo os feitos, así como alega a necesidade de aplicación dun proceso contradictorio con trámite de audiencia, e xustifica o seu comportamento polas decisións arbitrais coas que está en desacordo, que desglosa no recurso.

SEGUNDO.- Petición de perdón e arrepentimento, recoñecemento dos feitos sancionados.

Esta alegación agrádese e ademáis será obxecto de traslado á parella arbitral; nembargantes, non pode ser tida en conta, porque malia poder considerarse unha atenuante polo Comité de Competición, para modular a sanción a impor, para tal consideración ten que producirse de forma espontánea polo sancionado e non tras a imposición de sanción.

O arrepentimento só pode considerarse atenuante cando é previo a imposición da sanción. De feito, a propia acta sinala que non hai signo algún do mesmo tras o encontro e o sancionado o recoñece expresamente. A nivel de cordialidade, agrádese, tense en conta e se transmitirá ós agraviados polas accións sancionadas, que como dicimos o propio recurrente RECOÑECE na súa primeira alegación.

TERCEIRO.- Acceso á acta e anexos.

Na súa terceira alegación o recurso: sinala que o adestrador non pudo coñecer o contido do anexo no momento da redacción. Ben é certo que as partes deben ter acceso tanto a actas como anexos, pero este Comité comproba que ambas están publicadas na plataforma, polo que teñen acceso directo todas as partes implicadas.

En caso de que houbera calquera error ou defecto no portal do clube de acceso á aplicación, deberían presentar proba a este Comité do mesmo, para poder ser valorada; ou escritos manifestando os erros, xa que as Actas arbitrais constan publicadas e todos os clubes saben que A Acta do Comité de Competición coas sancións da xornada non se elabora ata despois da reunión do Comité os mércores, ten máis de 48 horas para presentar alegacións ou mesmo probas en contrario da acta ou anexos. Xa que esta parte presume a publicidade da Acta e anexos, así como a publicación e ademáis comprobou a realidade de éstos accedendo á Plataforma da Federación a tal fin.

Así, a alegación do clube de que non coñecen o anexo non procede; e por tanto non hai motivo de apelación estimable.

CARTO.- Falta de proba en contra da resolución recorrida. É a proba obrante en Autos: validez das actas e anexos.

Con respecto a última e cuarta alegación do recurso, que no vídeo non se constata menosprecio. O Comité de Competición non sanciona arbitrariamente, dende o punto e parte que o fai apoiándose na Acta do partido e os seus anexos. Ben e certo que o vídeo do encontro non ten sonido limpo e non permite corroborar ou desmentir a acta; pero isto non a desvirtúa.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, e actúa correctamente incoando un expediente sancionador, este Comité de Apelación ratifica esa decisión do Comité de Competición de dar veracidade a Acta e non habendo proba en contra no recurso, únicamente manifestacións, non procede revogar a decisión sancionatoria.

Se o clube entende que a acta ou anexo, minten debe xustificalo, a acta apoiase na imaxe do vídeo do encontro i en calquera caso O PROPIO SANCIONADO RECOÑECE O SEU COMPORTAMENTO.

O seu comportamento supón unha infracción e vai aparexado a unha sanción.

Non realizando o clube recorrente esforzo probatorio algún dos feitos alegados, non hai posibilidade de revogar en modo algún o recurso por este motivo tampouco.

QUINTO.- A presunta xustificación do comportamento.

A alegación principal do recurso, tras ter recoñecido os feitos sancionables e sancionados; parece ser a xustificación de esos feitos en un incorrecto arbitraje.

Con respecto a este punto este Comité pretende ser moi claro e didáctico: o Comité de apelación, non pode “volver a pitar” o encontro, o Comité é un órgano xurídico, nin sequera ten por que ter capacidade (que non a ten) para valorar a calidade das decisións arbitrais. O Comité de árbitros pode chamar a atención dos colexiados cando éstos erran ou toman decisións cuestionables; o Comité de competición i este Comité poden sancionar ós árbitros cando cometen unha infracción das normas; pero non poden modificar as decisións deportivas.

De feito, aída que puidese modificar un penalti pitado ou non pitado; isto xamais xustificaría que se agredise verbalmente a un árbitro. É dicir, aínda que houberse unha mala decisión arbitral, non se convalida a reacción do entrenador fronte a éstas.

A Federación Galega debe asumir o seu compromiso de formar árbitros o mellor posible, O Comité arbitral debe volcarse en que os árbitros respondan i estos deben facer conforme o seu leal saber e entender o mellor que podan a súa labor. Non é traballo de este Comité corrixir erros de arbitraje, senón infraccións de regulamento.

Increpar a un árbitro ou oficial de mesa, por unha acción, ou polo partido completo (non reproduciremos os momentos, xa que o propio recorrente desglosa no seu recurso as ocasións nas que manifestou contrariedad

co arbitraje) NON se XUSTIFICA por ter razón en contra da decisión arbitral.

Así, non podemos validar o comportamento recoñecido polo adestrador, por existir un desacordo coas decisións arbitrais, aínda cando éstas fosen erróneas.

SEXTO.- Sanción imposta.

O artigo 34 do RRDg impón pola comisión da infracción 34 D, o insultar, ofender, ameazar ou procar o equipo arbitral ou oficiais, con expresións ou xestos de menosprezo, atentando ao decoro ou dignidade das mesmas, sempre que non constitúa falta grave:

O apercibimento ou suspensión temporal dun a tres encontros ou xornadas oficiais de competición.

O Comité impón a sanción en grado medio, aplicación que consideramos correcta tendo en conta que non se trata da primeira infracción do mesmo adestrador, que foi apercibido nesta tempada e que a acta manifesta non só a interpelación a parella arbitral, senón tamén á mesa e a ameaza nominativa a unha árbitra, parece acertado no impor a sanción en grado mínimo.

Así, esta parte non pode revogar a a imposición da sanción imposta.

SÉTIMO.- Cautelar.

O recorrente non solicitou en ningún momento a revocación íntegra da resolución, senón a redución da sanción, de 2 encontros á mínima, de 1 encontro. Xa cumpriu o encontro que aceptaba.

Xa que este Comité non emitiu a resolución da medida cautelar anticipadamente e, por tanto non, se acordou ninguna medida cautelar, non procede o levantamento da mesma. Isto unido a que a resolución do Comité Territorial de Competición verase confirmada pola presente o sancionado

deberá cumprir a súa sanción nos partidos correspondentes ás xornadas correlativas á sanción.

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto polo adestrador don Jaime Alfaya Solla, contra o acordo do Comité Territorial de Competición desta Federación de data 03/02/2022 (acta nº 2122/16), **CONFIRMANDO O ACORDO 3**, polo que se sanciona a don Jaime Alfaya Solla coa suspensión de dous encontros oficiais, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 34 D do reglamento de Régimen Disciplinario, da acta e anexo arbitral e do recoñecemento dos feitos da adversa.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 18 de febreiro de 2022
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla